

Extracto da convocatoria do Programa de axudas ao Fomento do Emprego para o ano 2023

Obxecto.- A regulación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, coa finalidade de incentivar e colaborar na actividade económica e na xeración de emprego dentro do Concello de Arteixo, a través dos seguintes programas:

- Programa I - Axudas Municipais para á Creación de Empresas.
- Programa II - Axudas Municipais á Contratación.

Beneficiarios/as.- Os beneficiarios/as das axudas serán as persoas físicas ou xurídicas que se concretan nas bases xerais para cada liña de axudas.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras do Programa de Axudas Municipais para o Fomento do Emprego vixentes e publicadas no BOP da Coruña nº 87 de 9 de maio de 2023.

Contía.- O importe da consignación orzamentaria ascende 150.000,00 € con cargo a partida 241.47000, do orzamento ordinario para o 2023.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables a cada programa de axudas.

Prazo de presentación.- Os prazos de presentación para cada programa de axudas serán os seguintes:

- Programa I - Axudas Municipais para á Creación de Empresas: o prazo de presentación iniciarase ao día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e rematará o 30 de setembro de 2023.
- Programa II - Axudas Municipais á Contratación: o prazo de presentación iniciarase ao día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e rematará o 30 de setembro de 2023.